

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 28 DE MAIO DE 2009.**

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás once horas e trinta minutos do día vinte e oito de maio do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Antonio Bouza Rey, D. José Juan Roca Lorenzo e D<sup>a</sup>. Angeles Díaz Prados. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa Garcia Barreiro.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 21.05.2009.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 21 de maio de 2009.

### **2.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE “URBANIZACIÓN RÚA MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA” INCLUÍDAS NO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL.**

Tendo en conta o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o día 15.05.2009, polo que se resolveu non elevar a definitiva a adxudicación provisional efectuada á empresa Construcciones Valdovino S.L. e efectuar unha nova adxudicación provisional ao licitador seguinte, que resulta ser D. Manuel Varela Collazo S.L. dacordo coa acta de formulación de proposta para a adxudicación - polo procedemento negociado con publicidade - das obras incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local, de data 3 de abril de 2009.

Presentado pola empresa MANUEL VARELA COLLAZO S.L. escrito de conformidade para a realización da obra epigrafiada (R.E. 2.524/25.05.09), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente as obras de “URBANIZACIÓN CALLE MARIA, TRAMO MUELLE-CANO DA RÚA. MUGARDOS”, incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local, a D. MANUEL VARELA COLLAZO S.L., no prezo desglosado que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 292.743,08 €

B) I.V.E.: 46.838,89 €

C) Total (A + B): 339.581,97 €

tendo en conta a necesidade de contratación das citadas obras para dotar á zona das melloras que se describen no proxecto técnico e ser ésta a seguinte oferta máis ventaxosa para o Concello.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2009.0.432.0.60103 do orzamento vixente.

3º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

4º.- Requerir ao novo adxudicatario provisional para que no prazo de cinco (5) días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique o acordo no B.O.P. constituía a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adjudicación, excluído o IVE, isto é, 14.637,15 euros, e presente a documentación esixida na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

5º.- Proceder de oficio á devolución da garantía definitiva constituída polo licitador D. Construcciones Valdoviño S.L., mediante aval de Caixa Galicia - nº. 560-0213-3085/6-74º, por importe de 16.084,78 euros.

6º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario provisional e ao resto dos licitadores.

Sen máis asuntos para tratar, ás once horas e trinta e tres minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe  
O ALCALDE